

Un espazo de encontro

Infantil Relectura musical de textos publicados anteriormente por OQO

Son moitas as cousas que pode ser a literatura en xeral e a literatura infantil en particular. Unha das máis fermosas, se cadra, é a de converterse nun espazo de encontro. Ás veces os encontros son de ideas, ou de disciplinas, ou de culturas. Idealmente deberían de ser tamén encontros entre as familias, docentes, crianzas e a sociedade en xeral. No caso dos álbums ilustrados o encontro tende a centrarse na imaxe e na palabra, que conxuntamente realizan o traballo de facernos pensar, soñar e gozar. Neste destino leva traballando con éxito máis que recoñecido e unha sensibilidade envexable OQO editora xa